


# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CEIP Plurilingüe  
O MOSTEIRÓN

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN**  
**CURSO: 2º ED. PRIMARIA**  
**DATA: 10 MAIO 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua castelá e literatura.**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.
B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.	LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.
B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios...
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas.	LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua galega e literatura.**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.
B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Ciencia sociais.**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e	CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.

deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	
B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	CSB2.5.3.Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.
B3.3.Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	CSB3.1.1.Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.
B3.8.Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles-Ciencias da natureza.**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.2. Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.
	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.

B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.
	CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Matemáticas

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.
	MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua estranxeira: Inglés

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
------------------------	-------------------------

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 14	CENTRO: CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRON CURSO: 2º B MATERIA:
---	----------------	---

<p>B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p>	<p>PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.</p>
<p>B.3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p>
<p>B.4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles</p>	<p>PLEB 4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiña traballadas previamente de forma oral.</p>
<p>B.5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</p>	<p>PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.</p>

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Relixión católica.**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
BL 1.1 Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	1.1 Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a el e as persoas da súa contorna.
BL 1.3 Apreciar a bondade de Deus Pai que creou ao home con este desexo de felicidade.	3.1 Valora e agradece que Deus creoulle para ser feliz.
BL 1.4 Entender o Paraíso como expresión da amizade de Deus coa humanidade.	2.1 Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.
BL 2.1 Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos	1.2 Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles - Valores sociais e cívicos.**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación extrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.
B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.
B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que	VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula

constrúe a partir dos valores universais.	
B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación musical.**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
	EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas.
B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación plástica.**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
-------------------------------	--------------------------------

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 8 DE 14	CENTRO: CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRON CURSO: 2º B MATERIA:
---	----------------	---



B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.
B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.
B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana.	EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.
B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.	EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.

**Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación física.**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.
	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.
	EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.

## Competencias Clave

CCL: Coñecer o vocabulario básico e específico de cada área, expresar de forma oral e escrita as súas emocións e ter unha actitude de diálogo crítico e construtivo.

CMCT: Coñecer os números e as medidas básicas aplicadas nas distintas áreas, resolver e realizar problemas matemáticos con operacións.

CD: Empregar os recursos tecnolóxicos para a comunicación e resolución de problemas.

CAA: Sentirse protagonista do proceso e resultado da súa aprendizaxe.

CSIEE: Manifestar certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CSC: Aplicar os valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade) e respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.

CCEC: Valorar, identificar e utilizar manifestacións culturais propias de Galicia e outras culturas. Crea e reproduce obras propias con elementos artísticos e culturais.

### Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Seguindo a orde do 9 de xuño de 2016 no artigo 2 a avaliación caracterízase por ser un proceso continuo e global. Por tanto, terase en conta os resultados obtidos na primeira avaliación, os obtidos na segunda, facendo especial fincapé na evolución do alumnado. Centrase tamén no esforzo, interese e participación das tarefas propostas para o terceiro trimestre (Nunca baixando a nota, sempre subindo se é o caso).</p> <p>Instrumentos:</p> <p>3º Trimestre: Os instrumentos de avaliación son o papel activo do alumnado e a revisión de tarefas.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación obterase do seguinte xeito:</p> <p>Alumnado do que se non ten seguimento: Mesmo nota que na segunda avaliación.</p> <p>Alumnado do que se ten seguimento: Partirase da nota da segunda avaliación e se o alumnado cumpre co marcado nos instrumentos de avaliación pode subirse a nota.</p>

**Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

**Actividades**

Na terceira avaliación as actividades son de repaso, reforzo, recuperación e ampliación, por iso semanalmente o alumnado ten acceso a actividades sobre esta materia.

As actividades teñen o seguinte deseño:

Titores (Ciencias Sociais, Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Plástica, Valores)

Actividades on-line: Genially, Educaplay, Kahoot, Google Forms

Lecturas e exercicios de comprensión lectora

Actividades de resolución de problemas

Visualización de vídeos e comentarios dos mesmo.

Fichas dos libros de texto (todos teñen os libros na casa) sen dar contido novo.

- Matemáticas: numeración, cálculo e operacións, resolución de problemas, medida, xeometría.
- Lingua Galega: Comprensión oral (audios e lámina facilitada polo/a titor/a), Escritura, Comprensión Lectora, Ortografía, Xogos

Ciencias Naturais

Actividades de visualización de video, e resposta curta ou marcar opción correcta, de experimentación, de resolución de problemas e actividades de completar.

Relixión

Actividades de completar, colorear, encrucillados, cuestionarios, memorizar, sopa de letras, pasa palabras, formar frases, identificar personaxes....

	<p>Educación Musical</p> <p>Actividades de interpretación (vocais, instrumentais ou corporais), actividades de creativas ou de investigación, audicións e fichas de contido traballado en clase ou de ampliación (claves, instrumentos, figuras, compositores, etc.).</p> <p>Educación Física:Actividades motrices e de reflexión.</p> <p>Lingua Estranxeira: Actividades de repaso do vocabulario e estruturas gramaticais aprendidas no primeiro e segundo trimestre. Non se ampliará novos conceptos, pero usaranse contos e cancións non vistos para reforzar os contidos dos. As actividades deseñas son primeiro de comprensión de textos orais (unir, escoller a imaxe correcta, numerar) seguidas de comprensión e produción de textos escritos (rellenar espazos, unir, verdadeiro ou falso)</p>
<p><b>Metodoloxía</b></p>	<p>Titores (Ciencias Sociais, Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Plástica, Valores)</p> <p>Previa consulta dos medios que dispoñen as familias (internet, ordenador, tableta, impresora) decidimos facer máis actividades on-line ou con enlaces e menos actividades impresas. As actividades on-line: Genially, Educaplay, Kahoot, Google Forms coa ventaxe de obter informes grupais e individuais facilitando a labor de seguimento de cada neno. Moitas actividades con enlaces van acompañadas de vídeos explicativos. Tamén aproveitamos que todos teñen os libros en casa para facer actividades dos libros de texto que non impliquen contido novo.</p> <p>Ciencias da Natureza:</p> <p>Mándase actividades prácticas e on line con explicación nun vídeo.</p> <p>Educación Musical:Utilízanse fundamentalmente actividades prácticas (lúdicas e participativas para compartir en familia) con video-tutoriais explicativos. O obxectivo final principal é a produción de obras artísticas, ou repaso de conceptos básicos.</p>

<p>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020</p>	<p>PÁXINA 12 DE 14</p>	<p>CENTRO: CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRON CURSO: 2º B MATERIA:</p>
--	------------------------	--

	<p>Educación Física:Envíanse actividades e explicacións sobre o repaso, empregando en ocasións vídeos.</p> <p>Lingua Estranxeira:Vídeos de vocabulario, contos, cancións, cancións de vocabulario e explicacións gramaticais. Actividades das diferentes destrezas deseñadas pola mestra de inglés subidas ao portal de LiveWorksheets. As actividades de produción oral enviaranse por correo electrónico polas familias.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>-Didácticos:</p> <p>Titores (Ciencias Sociais, Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Plástica, Valores)</p> <p>Materiais curriculares de elaboración propia e facilitadas polas editoriais. Tamén os libros de texto. Google Forms, Kahoot, Educaplay e Genially</p> <p>Vídeos explicativos feitos pola titora e vídeos de Youtube.</p> <p>Ciencias Naturais: Materiais curriculares de elaboración propia. Elaboración de materiais Google forms. Vídeos explicativos de Youtube, vimeo. Vídeos de elaboración propia.</p> <p>Relixión: Materiais curriculares de elaboración propia. Materiais curriculares de editoriais. Vídeos de Youtube. Actividades online.</p> <p>Educación Musical:Partituras, vídeos e audicións de elaboración propia (utilizando MuseScore, Youtube e Soundcloud) xunto con outros enlaces a fontes dixitais de interese.</p> <p>Educación Física:Materiais curriculares de elaboración propia. Elaboración de materiais con Google forms e outras aplicacións. Vídeos explicativos de Youtube, Vimeo...</p> <p>Vídeos de elaboración propia.</p> <p>Lingua Estranxeira</p> <p>Materiais curriculares de elaboración propia.</p> <p>Materiais curriculares de editoriais</p> <p>Elaboración de materias con Live Worksheets.</p>

<p>ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020</p>	<p>PÁXINA 13 DE 14</p>	<p>CENTRO: CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRON CURSO: 2º B MATERIA:</p>
--	------------------------	--

### **Vídeos explicativos e cancións de Youtube.**

Para todas as materias:

- Organizativos: A organización basease nun repaso exhaustivo de todo o traballado, coa finalidade de asentar ben as bases, baixo das directrices da CCP.
- Persoais: Coordinación do equipo. Así como, recursos externos como é o asesoramento do CFR.

### **Información e publicidade**

#### **Información ao alumnado e ás familias**

O alumnado está informado a través das seguintes canles:

Páxina web do centro e nela aula virtual de descarga.

Correo electrónico do mestre/a.

Abalar- Mensaxeira e informacións.

Class Dojo.

Páxina web do centro e nela aula virtual de descarga.

Abalar- Mensaxeira e informacións.

Compartimos tamén información por video-conferencia

Puntualmente por Whatsapp.

#### **Publicidade**

Publicación na páxina web do colexio e información ás familias da súa publicación a través do e mail e do abalarmobil.